

Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Sementeiras													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Traslados													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Rareos													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Limpezas e arados													
Zonas:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Outros													

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Con respecto ás **especies**, exclúense o longueirón e o longueirón vello tendo en conta que o informe técnico sinala que a única especie cuxa abundancia é suficiente para establecer unha explotación regular é a navalla; o longueirón vello está presente pero non abonda e non se ten constancia da presenza de longueirón nas áreas solicitadas.

En relación coa **zona de traballo** e tendo en conta que:

1. O plan de explotación para o ano 2007 foi aprobado para as seguintes zonas: de Sapeiras de Terra ata Punta Quilme, Áreoso, Camallón, Roncadeiras, Punta Testos, Punta Niña do Corvo, Area Secada e Punta Cabalo.
2. A confraría de A Illa ten unha autorización en Illote Areoso ou Jidoiros de 90.000 m² para ameixa e navalla pero que non consta delimitadas en plano. O Jidoiro areoso, o Jidoiro pedregoso (exceptuando ás autorizacións marisqueiras da Ría de Arousa) e Corbeiro, están dentro do ámbito do plan conxunto de ourizo das confrarías de Ribeira e Carreira-Aguiño para o ano 2007 e anteriores.
3. Entendendo que a explotación de todo o perímetro de Jidoiro areoso, así como do Jidoiro pedregoso e Illote Corbeiro requiriría da conformidade das confrarías interesadas con colectivos de mergulladores ou da renuncia a súa explotación (artigo 42 da Lei 6/1993, de 11 de maio).

Apróbase como zona de traballo a mesma que a autorizada en anos anteriores, é dicir: Sapeiras de Terra ata punta Quilma, Areoso, Camallón, Roncadeiras, Punta Testos, Punta Niña do Corvo, Área Secada e Punta Cabalo.

A zona de traballo é común coa explotación doutros recursos por sectores da mesma entidade, polo que o colectivo de mergulladores debería planificar un calendario de traballo que non interfira co marisqueo a flote e que respecte as zonas de marisqueo a pé.

A autorización para o uso das distintas técnicas de mergullo está supeditada a que os mergulladores estean en posesión dos certificados profesionais acorde coa técnica empregada,

así como ao estricto cumprimento da normativa sobre mergullo e a execución do plan sexa aprobada a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente.

Debería realizarse unha maior rotación entre as 6 zonas de traballo, de xeito que se incremente o número de días traballados nas áreas de Punta Testos-Punta Cabalo, Punta Aguiuncho-Bao e Bao-Xastelas, coa finalidade de repartir o esforzo pesqueiro.

Con respecto ao calendario, de acordo co informe técnico considéranse adecuados 198 días tendo en conta os resultados das mostraxes e do control de tallas e lonxa, sempre e cando se respecto un mínimo dun mes de veda na época de desove entre marzo e xuño e se incremente a rotación das distintas zonas de traballo.

*